



Mostra de  
**Patrimonio Cultural Inmaterial**  
Galego-Portugués

7 ao 11 de novembro de 2007  
Pontevedra, Praza da Ferrería





Segundo a UNESCO, enténdese por **Patrimonio Cultural Inmaterial [PCI]** *os usos, as representacións, as expresións, os coñecementos e as técnicas –xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lle son inherentes– que as comunidades, os grupos e nalgúns casos os individuos recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural. Este Patrimonio Cultural Inmaterial, que se transmite de xeración en xeración, é recreado constantemente polas comunidades e grupos en función da súa contorna, a súa interacción coa natureza a súa historia, infundíndolle un sentimento de identidade e continuidade e contribuíndo así a promover o respecto da diversidade cultural e a creatividade humana.*

(Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial)

A UNESCO clasifica o **PCI** nos cinco ámbitos seguintes:

- 1. Tradicións e expresións orais**
- 2. Artes do espectáculo**
- 3. Usos sociais, rituais e actos festivos**
- 4. Coñecementos e usos relacionados coa natureza e o universo**
- 5. Técnicas artesanais tradicionais**

O rico patrimonio inmaterial galego-portugués está formado por un conxunto de prácticas aínda dinámicas nestes dous países. Pese aos procesos de destrución do tecido social no ámbito rural, seguimos a conservar un importante pouso de coñecementos tradicionais en mans de comunidades de portadores, iso si, cada vez máis atomizadas, dispersas e inconexas.

A necesidade urxente de salvagardar e pór en valor este PCI común cristaliza no Proxecto RONSEL, iniciativa coa que as tres Universidades Galegas, baixo a coordinación da Universidade de Vigo, se comprometen a deseñar, presentar e levar a cabo un Plan Estratéxico para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial, co patrocínio da Consellaría de Cultura e Deporte, da Consellaría de Innovación e Industria e da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).

Coa intención de visibilizar este patrimonio e concienciar a sociedade da necesidade de salvagardalo, o Proxecto RONSEL, en colaboración coa asociación “Ponte...nas Ondas!” e a Asociación de Gaiteros Galegos, organiza esta Mostra de Patrimonio Cultural Inmaterial Galego-Portugués na cidade de Pontevedra, co patrocinio dos parceiros xa mencionados e do Concello de Pontevedra.

Esta mostra pretende reflectir a diversidade patrimonial inmaterial poñendo ao alcance de todos e todas unhas representacións da súa riqueza, amosando como os coñecementos tradicionais se poden adaptar e vivir na sociedade actual, e como poden xerar expresións de alto valor estético, funcional e económico. Estas expresións, á marxe dos procesos globalizadores e uniformizantes, unha vez estudadas, postas en valor, reelaboradas e difundidas, reactivaranse para contribuír a un diálogo eficaz coas demais sociedades modernas, desde as nosas interpretacións particulares e diferenciais.

Cada un dos ámbitos nos que a UNESCO describe o PCI conta cunha caseta específica no espazo desta mostra. Malia o carácter artificial desta clasificación cómpre non esquecer que cada un dos ámbitos está estreitamente relacionado cos demais, dos que depende.

Por esta razón, dedicarase cada un dos cinco días da mostra a un dos ámbitos, que poña en escena o resto das temáticas, ben sexan os oficios, a música e o baile, as festas e os ritos, as expresións orais ou o xeito que os galegos, as galegas, os portugueses e as portuguesas temos de relacionarnos co noso medio natural e social.

Tampouco faltarán á cita as exposicións, os debates, as producións audiovisuais e a degustación de produtos ecolóxicos como carne ao caldeiro, viño ou pan.

Para as noites do venres ao domingo, finalmente, diferentes espectáculos musicais ocuparán a escena da mostra, como o Festival da Asociación de Gaiteros Galegos, no que se darán cita algúns dos mellores grupos de música tradicional de Galicia, ou a VI Mostra da Oralidade Galego Portuguesa, organizada pola asociación “Ponte ... nas Ondas!”, representativa do patrimonio musical portugués.

**MÉRCORES 7**

de 10:00 a 20:00

# DÍA DA ORALIDADE

## Mañá, obradoiros de 10:00 a 14:00:

**OLARÍA** (TOMÁS LÓPEZ, de Corbelle, Proendos, Sober, Lugo)

**REGUEIFAS** (O CARUNCHO e o PINTO d'Herbón)

**FORXA** (OLIVERIO ALVAREZ, Queixoiro, A Fonsagrada, Lugo)

**LUTHERÍA** (GERMÁN ARIAS, Sarria, Lugo)

**OURIVARÍA** (ARLINDO, Oficina do Ouro, Sobradelo da Goma)

**REDEIRÍA** (BEATRIZ MOLANES de Cangas e JOSEFA ABAL de Cambados)

**CANTOS DE CEGO** (CARLOS do Viso)

**TORNEIRO** (OLI XIRALDEZ, Cascandelo, Balcaide, Teo)

**OBRADEIRO DE XOGOS TRADICIONAIS** organizado pola ASOCIACIÓN BRINQUEDIA

## Tarde: Continuación dos obradoiros da mañá, de 16:00 a 19:00, e conferencias:

**17:30** *Descuberta e partilha dum património comun.* Alvaro Campelo (Universidade de Porto) e Xerardo Pereiro (UTAD).

**18:10** *Vida e Fala do afiador ambulante.* Antonio Fidalgo Santamariña (Universidade de Vigo).

**19:00** **Acto de inauguración oficial da mostra.**

**19:30** Proxección do documental *Ainda há pastores?* de Jorge Pelicano.

**XOVES 8**

de 10:00 a 20:00

# DÍA DA COSMOVISIÓN

## Mañá, obradoiros de 10:00 a 14:00:

**OLARÍA** (TOMÁS LÓPEZ, de Corbelle, Proendos, Sober, Lugo)

**FORXA** (OLIVERIO ALVAREZ, Queixoiro, A Fonsagrada, Lugo)

**LUTHERÍA** (GERMÁN ARIAS, Sarria, Lugo)

**OURIVARÍA** (ARLINDO, Oficina do Ouro, Sobradelo da Goma)

**POTEIRO** (MANOLO DA SARA, ROSENDO O FIGO e O KIKE, Arbo. Pontevedra)

**TORNEIRO** (OLI XIRALDEZ, Cascandelo, Balcaide, Teo)

**CONSTRUCCIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS VEXETAIS** (EMILIO LOIS, A Baña, A Coruña)

**OBRAIDRO DE XOGOS TRADICIONAIS** organizado pola ASOCIACIÓN BRINQUEDIA

## Tarde, continuación dos obradoiros da mañá, de 16:00 a 19:00, e conferencias:

**17:30** *O ghancho, un oficio mariñeiro para a extracción selectiva da centola e A Innovación no marco PCI: a experiencia de Mar de Lira.* Patrón Maior da Confraría de Lira, Carnota. Xerente da Confraría de Lira, Carnota.

**18:00** *A actualidade das embarcacións Tradicionais.* Lino Prieto (Presidente da Asociación Amigos da Dorna Meca).

**18:30** *Recursos Turísticos a partir do Mar.* GUIMATUR

**19:00** *As Plantas Medicinais na Tradição Galego-portuguesa,* Padre Fontes (Vilar de Perdizas).

**VENRES 9**

de 10:00 a 22:30

# DÍA DOS RITUAIS E ACTOS FESTIVOS

**Mañá, obradoiros de 10:00 a 14:00:**

- OLARÍA** (TOMÁS LÓPEZ, de Corbelle, Proendos, Sober, Lugo)
- FORXA** (OLIVERIO ALVAREZ, Queixoiro, A Fonsagrada, Lugo)
- LUTHERÍA** (GERMÁN ARIAS, Sarria, Lugo)
- OURIVARÍA** (ARLINDO, Oficina do Ouro, Sobradelo da Goma)
- POTEIRO** (MANOLO DA SARA, ROSENDO O FIGO e O KIKE, Arbo, Pontevedra)
- OBRAIDROIRO DE FABRICACIÓN DE MÁSCARAS DE ANTRÓIDO DE LAZA** (MANUEL QUINTAS)
- TORNEIRO** (OLI XIRALDEZ, Cascandelo, Balcaide, Teo)
- OBRAIDROIRO DE XOGOS TRADICIONAIS** organizado pola ASOCIACIÓN BRINQUEDIA

Durante todo o día actuarán representantes dos antroidos do Antroido Ribeirao de Chantada (Lugo), Laza e Xinzo de Limia (Ourense).

**Tarde, continuación dos obradoiros da mañá de 16:00 a 19:00 e conferencias:**

- 17:30** *Festas Etnográficas de Allariz*. Teresa Devesa (Concellería de Cultura), Pilar Gallego (Participación cidadá), e Elena Rodríguez Bouzas (Técnica de Cultura).
- 18:30** *Ritos de apropiación dos lugares*, Anxo Fernández Ocampo (Universidade de Vigo).
- 19:00** Proxección dos vídeos *O Besadoiro*, *A seitura* e *A sega da herba* comentados por Olimpio Liste Regueiro do Museo Etnográfico de Liste e Fundación Liste en Vigo.

**Noite, de 20:30 a 22:30**

**Festival de música tradicional coa colaboración da AGG**

- Cuarteto Tradicional Picuñña de Marín.
- Os Terribles de Donas.
- A Gaita de Sarandón.

Durante estas actuacións poderase asistir a un obradoiro de baile tradicional impartido por Gustavo Couto e á queimada e degustación dos augardentes destilados neses días polo noso poteiro.

**SÁBADO 10**

de 10:00 a 24:00

# DÍA DAS ARTES DO ESPECTÁCULO

**Mañá, obradoiros de 10:00 a 14:00:**

**FEITURA DE COROZAS** (ALEJANDRO REGAL, Castro de Carballedo, Lugo) | **OLARÍA** (TOMÁS LÓPEZ, de Corbelle, Proendos, Sober, Lugo) | **FORXA** (OLIVERIO ALVAREZ, Queixoiro, A Fonsagrada, Lugo) | **LUTHERÍA** (GERMÁN ARIAS, Sarria, Lugo) | **OURIVARÍA** (ARLINDO, Oficina do Ouro, Sobradelo da Goma) | **POTEIRO** (MANOLO DA SARA, ROSENDO O FIGO e O KIKE, Arbo. Pontevedra) | **OBRAIDRO DE INSTRUMENTOS MUSICAIS** (EMILIO LOIS, A Baña, A Coruña) | **OBRAIDRO DE REGUEIFAS** cos regueifeiros SUSO e ANTONIO DE XORNES (Ponteceso) | **TORNEIRO** (OLI XIRALDEZ, Cascadelo, Balcaide, Teo)

Durante todo o día actuarán na mostra catro dos mellores gaiteiros tradicionais galegos e portugueses:

JOSÉ MARENTES (Santa Xuía, A Fonsagrada) | MANUEL VIQUEIRA (Ordes, A Coruña) | JOAQUIM PEREIRA “O CARRIÇO” (Quinta do Valongo, Mealhada, Portugal) | ANTONIO RIBEIRO “O TONI DAS GAITAS” (Porto, Portugal)

**Tarde, continuación dos obradoiros da mañá de 16:00 a 19:00 e conferencias:**

**17:30** *O vello rasto e o acordeón.* Eduardo Parada e Manuel Parada.

**18:10** *Os instrumentos tradicionais galegos.* Concerto didáctico por Pablo Carpintero.

**18:50-20:30** Actuación comentada dos catro gaiteiros tradicionais no escenario.

**Noite, de 20:30 a 24:00:**

**VI Mostra da Oralidade Galego-Portuguesa coa colaboración da asociación “Ponte ... nas Ondas!” e da Asociación de Gaiteiros Galegos.**

PAULITEIROS DE SENDIM (Terra de Miranda, Tras-os-Montes, Portugal) | CARETOS DE PODOENCE (Portugal)

ZÉS PEREIRAS de Vilaverde-Braga | SUSO e ANTONIO DE XORNES (Ponteceso) | CHARANGA DE ULTREIA

PANDERETEIRAS e GAITEIROS de Pontecaldelas, Toutón, A Ermida e Gargamala

Durante estas dúas últimas actuacións Luis Prego impartirá un obradoiro de baile tradicional galego para que todas e todos poidamos bailar os nosos ritmos agarrados e soltos.

Durante este festival poderase asistir á queimada e degustación dos augardentes destilados neses días polo noso poteiro.



**DOMINGO 11**

de 10:00 a 21:30

# DÍA DOS OFICIOS

## Mañá, obradoiros de 10:00 a 14:00:

**OLARÍA** (TOMÁS LÓPEZ, de Corbelle, Proendos, Sober, Lugo) | **FORXA** (OLIVERIO ALVAREZ, Queixoiro, A Fonsagrada, Lugo)  
**LUTHERÍA** (GERMÁN ARIAS, Sarria, Lugo) | **OURIVARÍA** (ARLINDO, Oficina do Ouro, Sobrado da Goma) | **POTEIRO** (MANOLO DA SARA, Rosendo O FIGO e O KIKE, Arbo. Pontevedra) | **REDEIRÍA** (BEATRIZ MOLANES de Cangas e JOSEFA ABAL de Cambados) | **TORNEIRO** (OLI XIRALDEZ, Cascandelo, Balcaide, Teo)

## Tarde, continuación dos obradoiros da mañá, de 16:00 a 19:00, e conferencias:

**17:30** *Homes de Oficio. Concepto e proposta de inventario.* Antonio Fidalgo Santamariña (Universidade de Vigo).

**18:10** *O que ti fas importa.* Xavier Simón (Universidade de Vigo).

Ás **19:00** comezará a queimada e degustación dos agardentes destilados polo noso poteiro.

## Noite de 20:30 a 21:30.

**Clausura da Mostra de Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués**

**20:30** Actuación do grupo Ruote.

## OFERTA AUDIOVISUAL

día	hora	
mércores 7	11.00	Entrevistas cos regueifeiros e cego cantor para explicar as artes destes oficios.
	12.00	Presentación da colección de pregos de cordel antigos de Alberto Bouzón (Cacheiras, Teo) e lectura de coplas do antroido Ullán.
	12.30	Proxección de diferentes Alalás producidos pola TVG nos que participan portadoras do noso canto tradicional: Maruxa das Cortellas, Concha de Luneda e Rosa de Moscoso.
xoves 8	11.00	Entrevista co poteiro para destapar os secretos desta profesión e co ferreiro, que nos explicará como facer unha trompa tradicional da Fonsagrada, instrumento que tamén se oírá tocar.
	12.00	Proxección do documental de Xaquín Lourenzo <i>O Carro</i> producido polo Museo do Pobo Galego.
	13.00	proxección do DVD producido polo Museo Agrícola de Vila do Conde, no que poderemos ollar xeitos tradicionais de cría de gando, regadío etc.
	13.30	Proxección do vídeo <i>Segadores</i> de Xulio Nogueira cedido polo Arquivo Sonoro do Consello da Cultura Galega.
venres 9	11.00	Entrevistas co luthier Germán Arias, para ver como se aprende a facer unha zanfona e unha rede.
	12.00	Proxección do documental do <i>Antroido de Castro de Laza</i> coa participación e actuación do gaiteiro Paco de Escornabois.
	12.30	Proxección do vídeo <i>Vellos costumes galegos. Os cigarróns, 1977</i> . Miguel Gato, cedido polo Arquivo Sonoro do Consello da Cultura Galega.
	13.00	Proxección dos programas Alalá dedicados ós Maios de Vilafranca e a José "O jaitas", gaiteiro de Aldán.
sábado 10	11.00	Entrevistas cos catro gaiteiros tradicionais galegos e portugueses nas que se afondará na vida destas personaxes. Entrevista co coroceiro Alejandro Regal e os regueifeiros Suso e Antonio de Xornes.
	12.30	Proxección do filme <i>Aínda há Pastores?</i> De Jorge Pelicano.
	13.30	Proxección do Alalá dedicados a Francisco Villarino, gaiteiro de Escornabois e ao acordeonista de Pazos de Merexo.
domingo 11	11.00	Entrevistas co oleiro, ourive e coas redeiras, apoiada con presentación de diapositivas para explicar estes oficios.
	12.00	Proxección do documental sobre os afiadores <i>Os Andolios sobre a chaira</i> .
	12.50	Proxección de documentais sobre os carboeiros e os zoqueiros do Museo Etnográfico de A Capela (A Capela, A Coruña).
	14.00	Proxección do Alalá sobre a familia Seivane, mostra da perfecta viabilidade e adaptación dun oficio tradicional galego no mundo actual.

## EXPOSICIÓN PERMANENTES

Esta mostra pretende achegar formas, materias e sensacións do noso patrimonio a todos e todas, de aí que parte dos elementos expostos poidan ser manipulados polo público, que, por exemplo, poderá experimentar diversos instrumentos musicais ou mesmo andar en zocas ou en zocos.

**A Cabana da Palabras**, a caseta dedicada ás prácticas e expresións orais, proponlle ao público un rozamento continuo coas palabras máis enérxicas que nos arrodean.

**Exposición e degustación de produtos ecolóxicos galegos.** Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica en Galicia (CRAEGA). Monforte de Lemos, Lugo.

**Exposición de información sobre as razas autóctonas galegas en perigo de extinción.** Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia. Fontefiz, Ourense.

De 14:00 a 17:30, **exposición de fotografías de Fernando García Fernández sobre as festas tradicionais galegas.**

**Ferramentas agrarias cedidas polo Museo Liste de Oseira:** unha romana para pesar 1500 Kg, un rodicio enteiramente feito en madeira ou aínda todas as ferramentas para o traballo do liño.

**Traxes tradicionais galegos de garda e de cotío do século XVIII-XIX**, cedidos polo Obradoiro de Cultura Tradicional ULTREIA de Santiago de Compostela. Ademais poderanse ver corozas e unha colección de zocas e zocas.

**Instrumentos musicais tradicionais.** Pezas galegas e portuguesas cedidas por Pablo Carpintero entre as que compre destacar seis gaitas de fol antigas galegas e portuguesas ademais de numerosos instrumentos musicais. Poñeranse á disposición do público varias pezas.

**Ferramentas dos oficios de capador, afiador e ebanista.** Poderán ver como evolucionou a ferramenta básica do afiador dende a clásica roda ata a bicicleta con moa. Pezas cedidas por Florencio Arboiro.

**Exposición de xoguetes tradicionais.** Asociación Brinquedia.

**Dorna Meca.** Unha embarcación tradicional cedida pola Asociación de amigos da Dorna Meca.

**Traxes de antroido.** Poderanse ver Pantallas de Xinzo de Limia, Volantes e Peliqueiros da Ribeira Sacra Lucense e Peliqueiros de Laza.

**Exposición de plantas medicinais.** Cedidas e explicadas polo Padre Fontes.

**Exposición de pezas de farmacias antigas** de Pontevedra. Cedidas por Eduardo Esteban Meruéndano.

Organiza



Colaboradores da Mostra  
de Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués:

Alberto Bouzón  
Antroido Ribeirao de Chantada  
Arquivo Sonoro de Galiza  
Asociación Brinquedia  
Asociación de Amigos da Dorna Meca  
Asociación do Antroido de Xinzo  
Carlos Vázquez  
Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia  
Centro Cultural Popular de Xaquín Lorenzo  
Concello de Vilariño de Conso  
Concello de Viana do Bolo  
Concello de Allariz  
Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica en Galicia (CRAEGA)  
Eduardo Esteban Meruéndano  
Federación Galega da Cultura Marítima e Fluvial  
Félix e Cástor Castro Vicente  
Museo Liste  
Museo Etnográfico da Capela  
Museo do Pobo Galego  
Museo Agrícola de Vila do Conde  
Manuel Atanes  
TVG  
TV UVigo

*Queremos expresar tamén a nosa gratitude a todas as persoas que, dun xeito ou doutro, se implicaron e implican neste proxecto, en particular a todos e todas as persoas participantes na elaboración do Plan Estratéxico do Patrimonio Cultural Inmaterial de Galiza.*